


**COLEXIO
PROFESIONAL
DE XORNALISTAS
DE GALICIA**

Consideracións do CPXG ao Anteproxecto de Lei de Medios Públicos de Comunicación Audiovisual de Galicia para a sociedade dixital

O Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia (CPXG) é unha corporación de dereito público, creada pola Lei 2/1999 do Parlamento Galego, que ten entre os seus obxectivos estatutarios a defensa profesional das e dos xornalistas, a garantía da liberdade informativa ou a salvagarda do dereito á liberdade de información. Partindo destes principios, e do seu papel como entidade representativa da profesión, o CPXG ten prestado desde o seu nacemento unha especial atención á situación dos medios públicos galegos, que representan unha peza clave para o xornalismo en Galicia, tanto polo número de profesionais que traballan na corporación como pola súa condición única de medio público e integramente en galego.

Moitas das actuacións deste Colexio téñense dirixido a consolidar un modelo de medios públicos que garanta a independencia e a calidade da información, desconectándoos do control político en prol dunha xestión que prime os principios xornalísticos e de servizo público. En 2001 o CPXG xa apoiou a Iniciativa Lexislativa Popular promovida por un grupo de traballadoras e traballadores para que a Dirección Xeral fose nomeada polo pleno do Parlamento galego por unha maioría de dous terzos para un período de cinco anos. En 2005, organizou a Xornada de Propostas e Debate para un Novo Modelo de Medios Públicos de Galicia, con representación das tres universidades galegas, o Consello da Cultura Galega, a Academia Galega do Audiovisual ou o Consello de Contas de Galicia, da que naceu o documento “Propostas do CPXG para un novo modelo dos medios públicos galegos”. En 2008, un membro do CPXG participou no Comité de Expertos que, a instancias da Secretaría Xeral de Medios, elaborou o borrador da Lei 9/2011 dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia. E no debate parlamentario que deu lugar a esta lei participou tamén o Colexio de Xornalistas, representado polo daquela decano Xosé Manuel Pereiro.

A Lei 9/2011 dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, que rexe actualmente a Corporación de Radio e Televisión de Galicia, é susceptible sen dúbida de ser mellorada, mais contou cun certo consenso parlamentario e significou un grande avance no modelo de medios



**COLEXIO
PROFESIONAL
DE XORNALISTAS
DE GALICIA**


públicos, ao recoller algunhas das peticións da profesión en defensa da independencia

e a calidade da información. Ben é certo que algunhas destas medidas, como o estatuto profesional, o consello de informativos ou a creación dunha autoridade audiovisual independente, levan máis dunha década sen seren implementadas. O CPXG ten dedicado reiterados esforzos na pasada década a reclamar o cumprimento dese mandato legal.

Así, no documento enviado por este Colexio á consulta previa aberta pola Xunta de Galicia, dentro do proceso que daría lugar ao Anteproxecto de Lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital, facíase fincapé en que a nova lei “non debe supoñer ningún retroceso nos avances conseguidos nestas décadas; nin nos xa efectivos, nin desde logo nos que seguen sen desenvolverse”, ademais de apuntarse algunhas das liñas xerais que deberan dirixila: o reforzamento do carácter público; a garantía de contar coa estrutura, dimensión e recursos necesarios; o cumprimento da función de servizo público; a promoción activa da igualdade; a independencia editorial; a creación do estatuto profesional e do consello de informativos; o establecemento de órganos de control externo; a estabilidade do cadro de persoal e o recoñecemento do motor que os medios públicos representan para o sector audiovisual galego.

Tras a exposición pública do Anteproxecto de Lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital, aprobado polo Consello da Xunta, o Colexio de Xornalistas vese obrigado a insistir nalgúns dos elementos que salientabamos daquela. Especialmente, parécenos necesario lembrar os referidos á independencia do poder político, a designación da dirección xeral por maioría reforzada ou a posta en marcha do estatuto profesional, do consello de informativos ou dos órganos de control externo, aspectos todos eles vítimas de retrocesos ou directamente eliminados do devandito anteproxecto.

Neste sentido, e posto que a exposición de motivos do anteproxecto cita expresamente o Regulamento Europeo sobre a Liberdade dos Medios de Comunicación 1083/2024 como unha das causas desta reforma, cómpre lembrar de novo que este prevé expresamente contra calquera regresión na independencia dos medios públicos en todos os estados membros e chama as administracións a aplicar medidas para garantir que non se produzan




**COLEXIO
PROFESIONAL
DE XORNALISTAS
DE GALICIA**

inexerencias políticas: *“hai casos nos que as reformas lexislativas nos Estados membros aumentaron o control governamental dos medios de comunicación de servizo público, tamén no que respecta ao nomeamento das persoas que exerzan a dirección do consello de administración dos medios de comunicación de servizo público, ou dos membros deste. (...) Procede por tanto que os Estados membros, sobre a base das normas internacionais desenvolvidas polo Consello de Europa a este respecto, apliquen salvagardas legais eficaces para o funcionamento independente dos prestadores do servizo público de medios de comunicación en toda a Unión, sen inexerencias governamentais, políticas ou de intereses económicos ou privados”*.

Porén, este anteproxecto supón un preocupante retroceso na necesaria desgovernamentalización dos medios públicos, o cal non podemos considerar aceptábel como entidade de representación das e dos xornalistas galegos. Algúns dos aspectos que consideramos máis graves xa foron indicados no comunicado publicado polo CPXG trala publicación do anteproxecto, como a disposición adicional que abre a porta á escolla da Dirección Xeral por maioría absoluta, a eliminación das referencias aos órganos de intervención profesional ou á autoridade audiovisual independente, ou a delegación no Consello de Administración da responsabilidade de aprobar normas de estilo e autorregulación dos servizos informativos sen participación de órganos profesionais. Tamén vemos con preocupación aspectos como a introdución doutras linguas diferentes do galego na prestación de servizos da Corporación, a eliminación da prohibición de ceder a terceiros a realización e edición dos servizo informativos ou das obrigas de conservación e custodia do patrimonio documental audiovisual que atesouran os medios públicos galegos.

Por todo isto, e desde a responsabilidade que nos outurga a nosa condición de corporación de dereito público que representa os e as xornalistas galegas, creada polo propio Parlamento de Galicia, o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia quere expresar as súas suxestións e valoracións sobre este anteproxecto, dentro do proceso de exposición pública ao que está sometido.



**COLEXIO
PROFESIONAL
DE XORNALISTAS
DE GALICIA**

TÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS

TÍTULO II: MISIÓNS E PRINCIPIOS DO SERVIZO PÚBLICO DE COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

CAPÍTULO 2: Misión do servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia


Artigo 4. Misión

-Consideramos que a nova lei debe recoller no seu articulado, como o fai a Lei 9/2011, a necesidade da conservación e custodia dos documentos e materiais audiovisuais que formen parte do patrimonio documental de Galicia

Artigo 5. Servizos informativos

-Atendendo á especial relevancia dos servizos informativos dos medios públicos para garantir o dereito da cidadanía a recibir información veraz, consagrado pola Constitución Española, consideramos que a nova lei debe manter a prohibición da cesión a terceiros da realización e edición dos servizos informativos, como recolle a Lei 9/2011, e garantir a estrutura e recursos humanos necesarios para a cobertura informativa de todo o territorio.

- Resulta anómalo que os medios públicos galegos non se dotasen aínda de ferramentas profesionais como un manual de estilo despois de case 40 anos de existencia. Como entidade que representa os xornalistas galegos, consideramos imprescindible a participación dos profesionais no proceso de elaboración e aprobación destas normas, a través de órganos de participación profesional verdadeiramente representativos. Como reiteraremos nestas consideracións, o Consello Asesor previsto por esta lei non pode cualificarse en ningún caso de órgano de representación dos profesionais dos medios públicos.



**COLEXIO
PROFESIONAL
DE XORNALISTAS
DE GALICIA**

Artigo 7. Uso da lingua


-A TVG e a Radio Galega son os únicos medios audiovisuais con relevancia e difusión en toda Galicia que utilizan a lingua galega en todas as súas emisións. O CPXG ve con preocupación a introdución neste anteproxecto da posibilidade do uso doutras linguas, por primeira vez na historia da Corporación e anteriormente da Compañía. A difusión, promoción e impulso da lingua galega están no cerne da actividade e da propia creación dos medios públicos galegos, como recolleu no seu momento a Lei de Creación 9/1984 e nos últimos anos a Lei 9/2011. Consideramos que a nova lei debe manter a consideración do galego na lei actual como “a lingua da Corporación”, na que se efectuará a prestación de todos os servizos.

CAPÍTULO II: PRINCIPIOS DO SERVIZO PÚBLICO DE COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Artigos 12-16. Principios

-Ademais de establecer principios como a veracidade da información, a independencia e a rendición de contas ou a innovación e a excelencia, a nova lei debe prever mecanismos que garantan o seu cumprimento. Instrumentos e órganos que recolle a Lei 9/2011, aínda nunca foron implementados, como o Estatuto Profesional, o Consello de Informativos e unha autoridade reguladora independente do sector audiovisual.

-Cremos tamén necesario recoller na nova lei a creación de ferramentas de participación directa da cidadanía, de maneira que as suxestións e queixas de cidadáns e cidadáns sexan escoitadas e respondidas pola Corporación.



**COLEXIO
PROFESIONAL
DE XORNALISTAS
DE GALICIA**

TÍTULO III

CAPÍTULO II. Organización

Sección 2ª. Consello de Administración

Artigo 30. Competencias e funcións

-Reiteramos a necesidade de que os e as xornalistas da Corporación participen na elaboración das normas de estilo e autorregulación dos servizos informativos, que deben tamén ser aprobadas pola redacción en órganos de participación interna que o anteproxecto non recolle e que é imprescindible introducir, como de feito xa establece a Lei 9/2011.

Sección 3ª. Dirección Xeral


Artigo 35. Duración do mandato

-Consideramos que debe introducirse unha limitación máxima de dous mandatos de 5 anos para a Dirección Xeral

Sección 5ª. Consello Asesor de Participación Social e Profesional

Artigos 40-43.

-O Consello Asesor de Participación Social e Profesional, tal e como está deseñado no anteproxecto, non pode considerarse nin un órgano de participación das persoas profesionais da Corporación, nin tampouco un avaliador externo do pluralismo, independencia e calidade dos contidos da Corporación. A súa composición volve depender en boa medida da Xunta e dos partidos políticos representados no Parlamento e apenas contempla participación profesional do ámbito xornalístico, interna ou externa. Consideramos que non pode de ningunha maneira reempazar o Consello de Informativos que recolle a lei actual, desaparecido no anteproxecto, nin este Consello Asesor pode asumir ningunha das funcións avaliadoras da autoridade audiovisual independente que prevé a Lei 9/2011 e que tamén desaparece deste anteproxecto.



**COLEXIO
PROFESIONAL
DE XORNALISTAS
DE GALICIA**

-Consideramos imprescindible que a nova lei incorpore instrumentos para fortalecer a calidade, profesionalidade e independencia dos contidos informativos como o Estatuto Profesional, e o Consello de Informativos, como órgano interno de participación dos profesionais da información nos medios públicos, como xa recolle a Lei 9/2011 no seu artigo 36.

CAPÍTULO VI: CONTROL EXTERNO

Artigo 58. Control pola autoridade audiovisual

-Consideramos que debe recuperarse a creación dunha autoridade reguladora independente no ámbito audiovisual, como xa recolle a Lei 9/2011, sen que chegase aínda a implementarse.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

-Consideramos imprescindible que esta disposición sexa eliminada. Unha vez que se opta por continuar co modelo de elección parlamentaria da dirección xeral e non por un concurso público, a elección debe realizarse co maior consenso posible. A posibilidade que introduce esta disposición adicional de realizar a elección por maioría absoluta representa un paso atrás moi preocupante e contravén de maneira clara o disposto no artigo 5 do Regulamento Europeo 1083/2024 sobre as salvagardas legais eficaces para garantir o funcionamento independente dos prestadores do servizo público.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA TERCEIRA

-Consideramos que a limitación de mandatos dos membros do Consello de Administración si debe ter en conta os períodos nos que puidesen exercer o cargo cando a sociedade tiña a denominación de Corporación de Radio e Televisión de Galicia.